

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA MESA ELECTORAL

ELECCIÓN Á PRESIDENCIA E Á COMISIÓN DELEGADA

Asemblea Xeral Extraordinaria – 28 de xuño de 2026

En Vigo, sendo as **09:30 horas do día 28 de xuño de 2026**, reúnen no **Edificio das Federacións Deportivas Galegas (r/ Fotógrafo Luis Ksado, 17 – 36209 Vigo)** as persoas designadas mediante sorteo público realizado pola Xunta Electoral na súa sesión do día **17 de xuño de 2026**, coa finalidade de proceder á constitución da Mesa Electoral encargada de dirixir o proceso de elección da Presidencia e da Comisión Delegada da Federación Galega de Balonmán.

Constitúese a Mesa Electoral coa seguinte composición:

MEMBROS TITULARES

Presidenta:

D^a MONTSERRAT REY SALORIO

Secretario:

D. ANXO OTERO SIEIRO

Vogal:

D. VÍCTOR M. RIVERA DIZ

Comprobada a identidade das persoas integrantes da Mesa e a dispoñibilidade de toda a documentación electoral necesaria para o desenvolvemento da sesión, a Mesa queda formalmente constituída ás **09:30 horas**.

A continuación, os membros da Mesa reciben da Xunta Electoral a seguinte documentación:

- Censo definitivo da Asemblea Xeral.
- Regulamento Electoral da Federación Galega de Balonmán.
- Papeletas oficiais para a elección da Comisión Delegada.
- Sobres oficiais.
- Urna electoral.
- Actas de constitución, escrutinio e proclamación provisional.
- Demais documentación necesaria para o desenvolvemento da sesión.

A Mesa deixa constancia de que, segundo a proclamación definitiva realizada pola Xunta Electoral, **existe unha única candidatura á Presidencia da Federación Galega de Balonmán**, encabezada por **D. Bruno López Molina**.

En consecuencia, e de conformidade co disposto no Regulamento Electoral, **non procederá realizar votación para a elección da Presidencia**, limitándose a actuación da Mesa Electoral neste punto a deixar constancia desta circunstancia durante o desenvolvemento da Asemblea Xeral Extraordinaria.

Así mesmo, a Mesa Electoral exercerá, desde o inicio da sesión e ata a conclusión do proceso de elección da Presidencia, as funcións de Presidencia e Secretaría da Asemblea Xeral, asumindo a dirección da sesión, a supervisión da votación para a elección da Comisión Delegada, o escrutinio dos votos emitidos e a redacción das correspondentes actas.

E non habendo máis asuntos que tratar neste acto, asínase a presente acta de constitución no lugar e data anteriormente indicados.

A PRESIDENTA DA MESA ELECTORAL



Asdo.: D^a MONTSERRAT REY SALORIO

O SECRETARIO DA MESA ELECTORAL



Asdo.: D. ANXO OTERO SIEIRO

O/A VOGAL DA MESA ELECTORAL



Asdo.: D. VÍCTOR M. RIVERA DIZ